

Literatura oral nun recuncho de Ferrolterra

Oral Tradition in a Small Corner of Ferrolterra

Isabel BOGO SAAVEDRA

RESUMO

Neste artigo amósanse algunhas das crenzas e anacos da literatura oral dunha zona da Comarca de Ferrol, co obxectivo da conservación e divulgación da mesma.

BOGO SAAVEDRA, I. 2003. «Literatura oral nun recuncho de Ferrolterra». *Madrygal (Madr.)*. 6: 27-32.

RESUMEN

En este artículo se muestran algunas de las creencias y fragmentos de la literatura oral de una zona de la Comarca de Ferrol, con el objetivo de la conservación y divulgación de la misma.

BOGO SAAVEDRA, I. 2003. «Literatura oral en un rincón de Ferrolterra». *Madrygal (Madr.)*. 6: 27-32.

ABSTRACT

This article shows reflects some beliefs and some pieces of oral literature from a part of Ferrol area with the aim to preserve and spread them.

BOGO SAAVEDRA, I. 2003. «Oral Tradition in a Small Corner of Ferrolterra». *Madrygal (Madr.)*. 6: 27-32.

SUMARIO 1. Crenzas. 2. Cancións. 3. Referencias bibliográficas.

*Dios defenda todo canto vexo e non vexo.*¹

Neste artigo queremos amosar un anaquiño das crenzas e da literatura oral dunha zona da Comarca de Ferrol. Esta comarca é coñecida, sobre todo, pola actividade industrial, destacando a construción naval.

Parte importante dos testemuños foi recoillida na parroquia de Castro, que pertence ó Concello de Narón. A outra, en Sequeiro, parroquia do Concello de Valdoviño, entre Xuño e Agosto do 2001.

Estas dúas parroquias baséanse nunha economía agro-gandeira, compartida, no caso de Castro coa actividade industrial, que día a día vai medrando en Narón.

Consérvanse nas dúas parroquias historias que nos foron contadas, e cantadas. As que espertaron en nós maior interese podemos clasificalas como:

1. Crenzas.
2. Cancións.

¹ En moitas das actividades cotiás da xente de aldega está todavía moi presente a figura de Deus. Esta curta oración que unha muller di cada vez que entra na corte para muller as vacas é un exemplo da profunda relixiosidade popular.

1. Crenzas

Dentro deste apartado aproximáremonos ás doenzas, ós agoiros e a algúns seres míticos.

Doenzas

—No imaxinario popular galego certas doenzas relacionábanse co mal de ollo (nomeado polas xentes da zona estudada como *mal ollo*, *ollo má* ou *ollo mal*), pois estaban provocadas—intencionadamente ou non— pola mirada malfélica ou envexosa dalgúñas persoas.

Un dos casos máis abundantes é o das vacas que dan sangue en lugar de leite.²

Tres das nosas informantes contan anécdotas similares das cales foron testemuñas directas. Unha delas levara un día a vaca ó ferrador da Carreira³ onde topou cunha muller coa que comezou a conversar. Cando chegou á casa o animal caeu enfermo e non dubidaron os seus donos de que aquela muller tiña algo que ver, pois quedara mirando para a vaca sin dicir «*San Antonio*», «*Dios cha defenda*» ou «*San Antonio cha defenda*» (algúñas das verbas case que obrigadas a dicir cando se cruzaba alguén co gado).

Un suceso semellante ocorreu en Valdoviño. Esta vez as vacas non enfermaron pero deron sangue en lugar de leite. Aquel que lles

botou o mal de ollo foi o mesmo que llelo quitou, pois era sabido que quen tiña poder para botalo tamén o tiña para quitalo.


Para librar a un animal do mal de ollo, un home ou unha muller (non valía calquera, só os que tiñan ese don ou poder) metíase na corte cunha candeia acesa ou cunha gorra dun home que fora tres veces (con ela) á misa e pasábanlla por enriba á vaca facendo cruces; repetíase este ritual nove veces durante, polo menos, tres días e nove como máximo.

Un ensalmo utilizado para quita-lo mal de ollo é o seguinte:

*Dios que te dou, Dios que te criou
Dios che quite o ollo ma si alguien cho botou.
De ti o saco, da miña casaña o aparto.
Non é polo meu poder nin pola miña sabiduría,
Que é polo poder de Dios e da Virgen Maria.
Un Padrenuestro e un Avemaría*

—As queimaduras eran tamén un motivo para acudir ou chamar a aquela persoa capacitada para «apaga-lo lume».

Unha veciña de Sequeiro informounos de que antes⁴ cando unha persoa se queimaba se non se lle «apagaba o lume da queimadura», esta estendiase pola pel e a carne, facendo máis grande e profunda a ferida.



² Leandro Carré Alvarellos falaba no seu libro «Las leyendas tradicionales gallegas» dun caso similar ocorrido no ano 1935 en Vilamelle (Lugo).

³ Lugar da parroquia de Sequeiro.

⁴ Remontámonos a cincuenta anos atrás.

Para apaga-lo lume, aquel ou aquela que mediaba dicía (mentres facía cruces sobre a queimadura):

*O lume non é frío, a auga non é sede e o pan non é fame;
e así coma estas tres cousas son verdades,
non caves, nin ares, nin fostalezcas,
nin fagas cousas que o parezan.
Non é polo meu poder nin pola miña sabiduría.
Éche polo poder de Dios e da Virgen Maria.
Con un Padrenuestro e un Avemaria.*

Diciase así nove veces durante tres días. Antes de comeza-la oración persignábase e rezaba un Señor Mio.

Non só para as feridas exteriores do corpo se buscaban este tipo de remedios: aquí temos un para quitar-las lombrígas (os afectados eran sobre todo os nenos), que igual que os dous anteriores, (para quitar o mal de ollo e para apagar o lume), foínos transmitido pola mesma persoa, muller que aprendeu da súa nai, unha famosa curandeira do lugar. Os coñecementos permaneceron na memoria desta muller a pesar de non aplicalos xa dende hai moito tempo debido ós avances da medicina (xa non se acudía a estas curandeiras a non ser como último recurso). Cóntanos que sendo moi nova utilizou o seguinte remedio con éxito para sandar un nenó e velaí o que fixo.

Persignouse primeiro e dixo un Señor Mio. Colleu nove follas de bidueiro (bieiteiro)⁵. Puxo sobre o ventre do cativo un pano branco e foi cortando as follas e pousándoas nel mentres dicía o seguinte:

*As lombrices de ... (dinse o nome e os apelidos do cativo)
son nove sin a do Barcal⁶.
de nove van oito, de oito van sete, de sete van*

seis, de seis van cinco, de cinco van catro, de catro van tres, de tres van dúas, de dúas vai unha, esa unha deixoa para ben, para criar a criatura. Dios nuestro señor, non é polo meu poder nin pola miña sabiduría que é polo poder de Dios e da Virgen Maria. Con un padrenuestro e un Avemaria.

Repetía este ritual nove veces e despois queimaba o pano coas follas dentro. Así durante nove días consecutivos.

Rematamos este sub-apartado das doenzas con dous casos particulares: o primeiro aconteceu a unha vella do lugar de Penas, en Valdoviño. Era ela unha rapaza débil, sen vida, sempre enferma e sen causa ningunha, polo menos en aparencia. O seu pai, canso de consultar médicos, chamou a un curandeiro, e estas foron as instrucións que lle deu para sandala:

Un día impar da semana vai a unha cruclada de camiños e antes de que saia o sol xunta unha pouca leña, quéimaa xunto cunha prenda usada da nena mentras dis estas oracións⁷. Despois de facer isto tres veces⁸ ha de aparecer-lo home causante do mal da pequena, marcha dali sen falarlle e el quedará mirando como o lume consume o mal que causou na túa filla.

Conta a protagonista da nosa segunda anécdota que cando era unha nena de seis ou sete anos⁹, unha das súas veciñas, no lugar de Nelle¹⁰, mandou chamar un mecindeiro¹¹ a causa dunha estraña doenza. Este mandoulle tomar un orixinal xarope: ¡nove piollos nunha cunca de café! A muller foi busca-los piollos á casa da nosa narradora ... e sandou.

Agoiros

Os sinais agoirentos estiveron sempre moi arraigados nas aldeas galegas pero hai que di-

⁵ As persoas que dicían estes ensalmos aclaraban –como se pode observar nos últimos versos de tódolos ensalmos– que quen tiña o poder para sandar era a figura relixiosa que se nomeaba (Dcus, a Virxe...). Os seres humanos son tan só mediadores.

⁶ Podíanse utilizar follas de bieiteiro, e senon, nove pallas de trigo eran tamén eficaces.

⁷ Supoñíase que a lombriga do Barcal tiñamola todos e que sen ela non podíamos vivir.

⁸ Descoñecemos cales son as oracións.

⁹ A informadora descoñece se son tres días da mesma semana ou de tres semanas consecutivas.

¹⁰ Na actualidade ten setenta e dous.

¹¹ Situado na parroquia de Castro.

¹² Termo utilizado pola informadora para referirse a curandeiro.

cir que a xente cada vez lles presta menos atención. Algúns dos animais que se coñecen polos seus poderes premonitorios son:

As pegas: cando están inquietas e berran sen parar anuncian algún contratiempo ou desgracia, e chegan incluso a anunciar unha morte. Hai xente que ten en conta o lugar onde se atopan as pegas cando berran: se é a esquerda, mal agoiro e se á dereita, bo. O mesmo poder se lles atribúe ós corvos.

Curiosa é a repugnancia que sente a xente de idade polas píntegas, (chamadas sacarranchas ou pínigas), consideradas polos campesiños como animais moi ponzoñentos e «ghafosos»¹¹. Por iso, cando aparecía unha pínega na casa tirábase directamente ó lume do lar e se a atopaban por fóra espichábase co raño, sacho ou calquera cousa que tiveran na man.

Seres míticos

A Señorita, aínda que non se sabía de certo se era home ou muller; vestía unha saia e capa negras e levaba antiface e era alta e corpulenta. Crese que era un home que se disfrazaba, pois *A Señorita* andaba ás noites polos cruces e polos montes atracando ós camiñantes. Por iso a xente botaba a correr en canto vía un vulto negro mesmo de lonxe. Conta un veciño de Sequeiro que vindo un día de mañanciña viu unha cousa negra e grande ó lonxe, como o medo non o deixou correr, apañou unha pedra e dispúxose a enfrontarse coa *Señorita* pero canto máis se acercaba máis pequeno se facía o vulto resultando ser unha muller que baixaba por un valado.

—*Os chupasangre*¹²; así se lles chamaba hai máis de corenta anos a uns homes que viñan nun coche negro segundo din - e que collían ós nenos para quitarllelo sangue. Con estes homes misteriosos as nais metíanlles medo ós seus fillos para que non fosen xogar

moi lonxe e non parasen a falar con descoñecidos.

2. Cancións

No lugar de Sixto, en Sequeiro recolleemos algunhas estrofas das moitas que se dedicaban mozos e mozas cando estes as ían visitar ou cando lles petaban as portas¹³. Eran diálogos cantados cheos de imaxinación, picardía e de espontaneidade.

*Rapaza que tanto sabes
y que tanto es tu saber
¿cuántos pelos tiene un perro
cuando acaba de nacer?*

*El perrito cuando nace
nace con cuatro pelitos
que no me parió mi madre
para tantos requisitos.*

*Peña ese pelo rapaza
non seas tan perezosa
o peliño ben peinado
é o adorno dunha moza.*

*Anque miña nai é pobre
e teu pai é O Vincoleiro¹⁴
inda ti non é-lo galo
que canta no meu poleiro.*

*Debajo de tu ventana
hace la perdiz el nido
y yo como cazador
a tu ventana me arrimo.*

*Debaixo da miña cama
teño pelexo de lebre
e ti debaixo da tua
te-lo demo que te leve.*

*Caseime fai un ano,
por saber que vida era*

¹¹ Termo que utilizan na zona para indicar que unha cousa da mala sorte. Pronuncia con gheada.

¹² Pronuncia con gheada.

¹³ Nas aldeas as portas constan de dúas partes, a parte de enriba era a que se abría e pola que se asomaba a moza mentras que el quedaba fóra.

¹⁴ O Vincoleiro chamábasele ó fillo único.

*o ano vaise acabando
solteiriña quen me dera.*

Como se pode observar nestas cantigas, o castelán non so desprazou ó galego nos textos escritos senón que chegon mesmo a influír na transmisión oral das cantigas.

As seguintes estrofas cargadas de sátira, fan unha crítica da sociedade pechada da aldea e dos seus prexuízos.

*Chamáchesme pera verde
eu a ti mazá podrida,
a pera verde se come
a mazá podre se tira.*

*Unha vella dixó á outra
polo furado da porta
ti ghoberna a túa vida
que a miña nada che importa.*

*O río cando vai cheo
leva carballos e follas
tamén podía levar
as linguas marmuladoras¹⁷.*

*Marmula, marmuladora
marmula de min e doutro
no inferno hai unha cama
para descansar un pouco.*

*Aló enriba, non sei donde
morreu unha besta vella
tódolos que me marmulen
leven o camiño dela.*

As dúas cancións que seguen cantábanse na esfolia do maínzo. Polo mes de outubro reuníanse varias familias veciñas para esfollar todo o maínzo recollido, eran reunións que se convertían en festas pois se cantaba mentres que facían o traballo e ó final bailaban e tomaban castañas e viño. Así o facían en cada casa axudándose uns ós outros.

A cantante persígnase antes de interpretar.

- «¡Moi boas noites Marica!

Ola Xaquín, ¿e viñeches?, desde que hai que non te vinzmoi falado te fixeches?. Pasa ali pa' atrás do lume e esten un pouco sentado mentras vou berrar á filla e dar a cena ó gado.

¡Antonia!, ¡a mailos raios te deixaran sin fuciños, trae un pouco de herba seca para lles dar ós becerrinos!

¡Céate p' atrás Marela, sei que estás moi deseosa, quèrello comer ti todo e non deixas pa' Carbosa!. O meu Ferruco de Trobo, o meu homiño querido: xurote que se el vivira as cousas non eran o mesmo. Aquel si que era un home traballador e honrado. Paso os días e as noites desesperada chorando. ¡Ai Xaquín da selve torta, xiroche a palla do millo que anque durara cen anos non se me iba do olvido!. ¡Antonia!, ¿qué estás facendo, como chegue a ir buscarte. ¡parta un raio un neveiro! Se de min has de acordarte.

¡Ten máis paciencia Marica, non te poñas enfadada que ó millor estache o merlo ensinándolle a virada.

-Xaquín, déixate de contos, de merlos e de viradas, vale máis criar becerros que fillas mal ensinadas.

-Marica, ti fuches moza.

-Fun, por certo e das honradas.

-Si muller si, pro daquela tamén se cocían fabas.

-Daquela meu Xaquinciño non vía as mozas rapadas, nin saías pola rodilla, parecen meigas esganadas.

-Vouche decir ao que veño que o tempo logo se pasa, que xa son as dez da noite e traigo a chave da casa. Eu xa teño ochenta anos, que os fixen en Xaneiro e ti tes setenta e nove, do vintetrés de Febreiro. Ben sabes que teño un fillo que é guapo comu unha estrela: veñoche pedi-la filla, que se quer casar con ela.

-A miña filla no a levas pro lacazán do teu fillo.

-Pois, déixaos casar a eles e ti cásaste comigo.

¡Ai Xaquín, ti posme as cousas de tal maneira e tal modo que abofé me estas deixando convencidiña de todo.

-Arreglémo-los papeles e casemos de contado pois eles aínda son novos xa se casarán para o ano.

-Ahora xa non me acordo nin siquera dos difuntos, dame a risa cando penso que habemos de durmir xuntos.

E celebraron a boda con sorrisos e cohetes e olvidáronse dos novos e do que dixera a xente. »

¹⁷ Marmuladora = murmuradora.

Outra canción cantada na esfolia, e que gar da certo parecido coa primeira, é a seguinte:

Moi boas noites Xuana, ¿dónde lle vai a rapaza?

Vai buscárolas para a noite, xa me parece que tarda. Pasa alí, p' atrás do lume e estén un pouco sentada, mentras vou bota-la herba e da-la cena ó gado.

Logo chegou a rapaza, pola porta entrou adentro.

Boas noites Xan Guindán, traígote no pensamento, ¿Elogo, tes moito frío?, pois manca Dios che me dera, poida que queiras quencer agora na primavera.

¿Aí!, ti daralo de risas, pero eu digocho de ceras, que xa hai un pouco que estou queitando aquí as candelas, ¿Elogo, a ti quen cho dixo? ¿di-rocho noso Señor?

Eu queríame casar, veño facerche o amor. Teño unha cabra moi boa e tres ovellas preñadas e unha galiña que pon os oviños p' as torradas. A cabra eche moi boa, trouxoche catro cabritos e mentres que dous mamaban os outros andan a bríncos. Vendínos por catro pesos, teñoos gardados pa' a boda, ¿se me queres dímme axaña, non andes facendo burla!

Eu casar ben me casaba, pero tamén che hei contar: quero facer unha saia e teñoa aló por fiar. Teño os zapatíños rotos e un puno todo furado, se tes cartos cómprasme outro e casamos de contado.

O cura leu as proclamas no ofertorio da misa e a xente que llas oeu encheu os corpos de risa.

Ela era unha mocíña que abofe aínda servía e o día do casamento díxolle que non o quería, Xan Guindán quedou tan torto como as varas dun caínzo e dou a volta pa' a casa, nin siquieira adiós lle dixo.

O padriño e a madriña, o cura e o saneristán encheron os corpos de risa cos contos de Xan Guindán.

Poderíamos citar tantas outras estrofas de temas moi variados, (de amor e desamor, de crítica, de sátira e de despedida), moitas estrofas para escoller que retratan a mentalidade do pobo galego.

Agradecementos

A Ana Acuña, que me alentou para colaborar nesta revista e que desinteresadamente me prestou a súa axuda.

A Josefa Pita, Chuca e Manolo, Lucía Pita, Josefina López, María Josefa Bogo e Javier Raposo pola súa valiosa información.

A Vanesa, Lidia, Lorena, Sergio, Sonia, Evi, Carolina, Sabela, Loli, Víctor, Daniel e Antonio por facilitarme os medios para facer o traballo.

A meu pai e á miña nai.

3. Referencias bibliográficas

- VAQUEIRO, V. (1998): *Coíña da Galiza máxica*. Ed. Galaxia.
DÍAZ DORICO, J. (1998): *O camiñar dun pobo*.